

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento funcionaria interina administrativa do Servizo de Benestar Social - SVB

ANUNCIO

Por resolución núm. 1661 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior do 3 de xullo de 2026 (resolución corrección de erros núm. 1722 do 09.07.2026) resolveuse:

*“PRIMEIRO.- Nomear a dona Sandra Vázquez Barrientos, con DNI núm. ***5006** como funcionaria interina administrativa, grupo C1, ata que se cubra o posto polos procedementos legalmente establecidos ou por un período máximo de tres anos.*

SEGUNDO.- Asignar a dona Sandra Vázquez Barrientos o posto de administrativa, código vixente RPT: BS.1.3.03.

(.../...)

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Instancia do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, 17 de xullo de 2026

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2026/4846